



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22 DE DECEMBRO DE 2023

### **PRESIDENTE ACCIDENTAL:**

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

### **MEMBROS:**

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

### **AUSENTES:**

Excusa a súa asistencia o Concelleiro:

ISMAEL DURAN BEREIJO

### **SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

### **INTERVENTORA:**

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:53 horas do día 22 de decembro de 2023, réunese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 11.12.2023**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 11.12.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

### **2. LICENZA DE PARCELACIÓN (EXP. 2022/U018/000003)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.12.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 22.12.2023, que literalmente di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

### **LICENZA DE PARCELACIÓN (EXP. 2022/U018/000003)**



Con data 15.09.2022 (rex. entrada nº 202299900001823), Dª \_\_\_\_\_, actuando en representación de D. \_\_\_\_\_ presenta solicitude de licenza para reparcelación das fincas en \_\_\_\_\_ (Ref. catastral: \_\_\_\_\_)

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Vistos os informes técnicos do Arquitecto Técnico Municipal de datas 26.10.2023 e 13.12.2023
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 23.11.2023.

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Conceder a D. \_\_\_\_\_ a licenza de parcelación urbanística solicitada para a finca con referencias catastrais \_\_\_\_\_, sita en \_\_\_\_\_, incorporando como anexo a copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.  
A documentación presentada que serve de base para a concesión desta licenza é o modificado de Proxecto de Parcelación, de febreiro de 2023, sen visar, redactado polo arquitecto técnico Manuel Rodríguez Damota.
2. Dilixenciar o proxecto e planos obxecto desta licenza.
3. Notificar o presente acordo á persoa interesada.

## FICHA


Parcela A modificada	
SITUACIÓN E IDENTIFICACIÓN	Sitio de Lagar-Lugar de Peneiro, parroquia de San Cosme de Piñeiro, Concello de Cedeira. Parcela Referencia catastral: Finca registral nº _____ (Registro Propiedad de Ortigueira)
PROPIETARIA	
SUPERFICIE BRUTA	2.269,52 m <sup>2</sup>
EDIFICACIONES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 vivienda unifamiliar aislada de SS+B+BC:               <ul style="list-style-type: none"> <li>» Superficie construída total=399,91m2</li> <li>» Ocupación en la parcela=162,95m2 (7,55%)</li> <li>» Altura máxima=5,80 m</li> <li>» Separación a alineación=5m</li> <li>» Separación a linderos=21,50m</li> </ul> </li> <li>• 1 edificación auxiliar de PB:               <ul style="list-style-type: none"> <li>» Superficie construída= 30 m2</li> <li>» Ocupación en la parcela=30m2 (1,4%)</li> <li>» Altura=2,25m</li> <li>» Separación a linderos=3m</li> </ul> </li> </ul>



LINDEROS	NORTE: parcela SUR: carretera ESTE: carretera OESTE: parcela
CALIFICACIÓN URBANÍSTICA	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2 (BD-2) según el PXOM del Concello de Cedeira
CESIONES	112,44 m2

## FICHA

Parcela B modificada	
SITUACIÓN E IDENTIFICACIÓN	Sitio de Cedeira. Parcela Referencia catastral: Finca registral nº (Registro Propiedad de Ortigueira)
PROPIETARIO	
SUPERFICIE BRUTA	1.672,93 m <sup>2</sup> , de los cuales 792,79 m <sup>2</sup> están en suelo rústico
EDIFICACIONES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 vivienda unifamiliar aislada de SS+B+BC:               <ul style="list-style-type: none"> <li>» Superficie construida total=280,38m<sup>2</sup></li> <li>» Ocupación en la parcela=103,43m<sup>2</sup> (13,13%)</li> <li>» Altura máxima=6,04 m</li> <li>» Separación a alineación=5m</li> <li>» Separación a linderos=14,40m</li> </ul> </li> </ul>
LINDEROS	NORTE: parcela SUR: carretera ESTE: parcela OESTE: parcela
CALIFICACIÓN URBANÍSTICA	Suelo urbano de edificación residencial de baja densidad grado 2 (BD-2) y suelo no urbanizable de protección agropecuaria (PA), según el PXOM del Concello de Cedeira
CESIONES	29,00 m <sup>2</sup>
INDIVISIBLE	



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 3. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE NOVEMBRO DE 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.12.2023, que literalmente di:



## “PROPOSTA DE ALCALDÍA

### **Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE NOVEMBRO DE 2023.**

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de novembro 2023 que empeza por \_\_\_\_\_, DNI : \_\_\_\_\_ cun importe de 127,46 € e finaliza con \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_ cun importe de 79,20 € e se compón de 43 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.549,56 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de novembro de 2023 que empeza por \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_ cun importe de 39,60 € e finaliza con \_\_\_\_\_, DNI: \_\_\_\_\_ T cun importe de 32,40 € e se compón de 8 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 361,70 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **4. EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 5.3 A) DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO. EXPEDIENTE: 2021/X999/000378 E 2021/X999/000302**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 14.12.2023, que literalmente di:



## “INFORME- PROPOSTA

**Asunto: EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 5.3 A) DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO.**

**Expediente: 2021/X999/000378 e 2021/X999/000302**

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** Os que constan nos expedientes indicados nos que se solicita a aplicación da exención prevista no artigo 5.3a) da Ordenanza reguladora da taxa pola recollida de residuos que contempla a baixa por un prazo máximo de tres anos das vivendas nas que se acredite, mediante informe técnico, que non cumpren condicións de habitabilidade:

**Segundo.** Consta no expediente, informe do arquitecto técnico municipal Marcos Fernández Vieito no que conclúe que “a edificación NON se atopa en condicións para ser habitable”.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**I.** A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

**II.** Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

**II.A.** O artigo 2 da norma municipal define o feito impositivo da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

**II.B.** Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

**II.C.** O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite.



A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fíxa de 20,00 “

**III.** O expediente conta con informe técnico municipal que conclúe as condicións de non habitabilidade das vivendas obxecto da solicitude.

A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabilitabilidade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.

Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2023, 2024 e 2025 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

**IV.** Achégase ao expediente datos do Catastro Inmobiliario nos que se fai constar un cambio de titularidade a favor da solicitante do inmovible de referencia (2023).

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Modificar a titularidade do recibo da taxa de recollida de lixo cos datos seguintes:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000645537
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	15357 CEDEIRA (A CORUNA)
ENDEREZO FISCAL	15359 CEDEIRA (A CORUÑA)

**SEGUNDO.** DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2023, 2024 e 2025 o recibo cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO
253000645537			

**SEGUNDO.** NOTIFICAR o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**5. CORRECCIÓN ERROS NA APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA EXERCICIO 2023. AA VV SAN XULIÁN DE MONTOXO CON NIF G15232507**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.12.2023, que literalmente di:



“**Expediente:** 2023/G006/000340

**Asunto:** CORRECCIÓN ERROS NA APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAI DO CONCELLO DE CEDEIRA EXERCICIO 2023. AA VV SAN XULIÁN DE MONTOXO CON NIF G15232507.

En aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015 de 01 de outubro, de procedemento administrativo común que di no seu apartado segundo que “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Na xunta de goberno local en sesión ordinaria de data 11 de novembro de 2023 adoptouse o seguinte acordo:

8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAI DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. AA VV SAN XULIÁN DE MONTOXO CON NIF G15232507.

No acordo adoptado hai un erro de transcripción:

Onde di:

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 546,00 € correspondente á subvención destinada a actividades e 309,95 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

Debe dicir:

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 450,00 € correspondente á subvención destinada a actividades e 316,15 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAI DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA CON NIF G70380506**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000338”

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACIÓN DE ACORDEONS DE CEDEIRA con NIF G70380506.





## PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACIÓN DE ACORDEÓNS DE CEDEIRA con NIF G70380506.

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACIÓN DE ACORDEÓNS DE CEDEIRA con NIF G70380506.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención 902,51€ correspondente á subvención destinada a actividades e 347,15€ correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS CON NIF G70395561**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000344

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS con NIF G70395561.

## PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO



Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 151/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS con NIF G70395561.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 18 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Visto que non xustifican o importe total do anticipo, 723,23€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 546,00€ correspondente a área de actividades e de 309,95€ na área de investimentos.

Visto que se propón a compensación do importe que está pendente de abonar á asociación, 855,95€, co importe non xustificado na área de investimentos, 658,23€.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACIÓN CULTURAL AS ATURUXEIRAS con NIF G70395561.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención 197,72€ correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EJERCICIO 2023. ASOCIACIÓN CULTURAL RONDALLA DE CEDEIRA CON NIF G70511613**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000346

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACIÓN CULTURAL RONDALLA DE CEDEIRA con NIF G70511613.



## PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 151/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL RONDALLA DE CEDEIRA con NIF G70511613.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 18 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Visto que non xustifican o importe total do anticipo, 420,00€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 798,00€ correspondente a área de actividades e de 180,00€ na área de investimentos.

Visto que se propón a compensación do importe que está pendente de abonar á asociación, 978,00€, co importe non xustificado na área de investimentos, 114,00€.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACIÓN CULTURAL RONDALLA DE CEDEIRA con NIF G70511613.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención 864,00€ correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURALS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACION CEDEIRA EN PÉ CON NIF G42834523.**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000348



**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACION CEDEIRA EN PÉ con NIF G42834523.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 151/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION CEDEIRA EN PÉ con NIF G42834523.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 19 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 700,00€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 210,00€ correspondente a área de investimentos.

Visto que se propón o pago do importe total restante xustificado na área de investimentos, 137,94€.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponden á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION CEDEIRA EN PÉ con NIF G42834523.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 966,98 € correspondente á subvención destinada a actividades e 137,94€ correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **10. CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPARACIÓN DE CUBERTA NO ESCOLAR DE SAA**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.12.2023, que literalmente di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPARACIÓN DE CUBERTA NO ESCOLAR DE SAA****Expte. 2023/C002/000100**

O edificio municipal denominado “Escolar de Saa”, ubicado na parcela con referencia catastral 002300400NJ73D0001US, é de uso principal cultural e conta cunha superficie construída de 541 m2, segundo datos do Catastro.

Trátase dunha edificación de tipo arquitectónico indiano, con muros de carga de pedra e estrutura horizontal de madeira. O estado no que se atopa a cuberta desta edificación provoca un alto grado de humidades e filtracións hacia o interior do edificio, o cal provoca danos tanto na estrutura portante de madeira como nos paramentos verticais e horizontais. Os canalóns e as baixantes de cuberta presentan unha capacidade de desaugue limitada, polo que habitualmente se desborda o canalón e propicia unha saída de auga que se filtra polos paramentos horizontais e verticais do edificio. Esta situación pode afectar á integridade estrutural da cuberta, polo que resulta urxente a súa subsanación.

Con data 14.12.2023 foron remitidas invitacións a participar na presente contratación de obras ás seguintes empresas capacitadas para esta finalidade:

- KAIZEN MANAGEMENT, S.L.
- LETME SOLUCIONES S.L.
- JOSÉ ÁNGEL FARIÑA COSTA

Dentro do prazo establecido foron recibidos os seguintes orzamentos:

EMPRESA / CIF	REX. ENTRADA / DATA	CONCEPTO	IMPORT E SEN IVE (€)	IMPORTE TOTAL (€) (IVE incl.)
KAIZEN MANAGEMENT , S.L. B70416466	2023/999/259 7 18.12.2023	Obras de reparación de cuberta no Escolar de Saa, de acordo coa memoria valorada redactada por D. Miguel Fiuza Canosa (BRULAR, S.L.) en setembro de 2023	39.900,00	48.279,00
LETME SOLUCIONES S.L. B27437623	2023/999/260 4 19.12.2023	Obras de reparación de cuberta no Escolar de Saa, de acordo coa memoria valorada redactada por D. Miguel Fiuza Canosa (BRULAR, S.L.) en setembro de 2023	39.965,21	48.357,90

Con data 21.12.2023 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 48.279,00 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 21.12.2023 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a KAIZEN MANAGEMENT, S.L., con CIF B70416466, as obras de reparación da cuberta do Escolar de Saa, de acordo coa oferta presentada con data 18.12.2023; polo importe de 39.900,00 € e 8.379,00 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 48.279,00 €), coas seguintes condicións:



Deberá presentar, no prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o día seguinte á recepción da notificación do presente acordo, a seguinte documentación:

- Certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade Autónoma e fronte a Tesourería da Seguridade Social que imponen as disposicións.
- Certificado da súa inscrición no Rexistro de Contratistas (ROLECE), ou no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. No caso de non dispor, haberá de presentar escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que conste as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal ( NIF).
- Plan de seguridade e saúde

3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **11. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA “AGLOMERADO DE VIAL DESDE O BARRAL ATA A AC-566**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.12.2023, que literalmente di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA “AGLOMERADO DE VIAL DESDE O BARRAL ATA A AC-566**

**Expte. 2022/C003/000009**

D.<sup>a</sup> Ana Adelina López López, con NIF ----- directora da obra “Aglomerado de vial desde O Barral ata a AC-566”, presentou a seguinte documentación con data 26.09.2023 (R.E. 2023/999/2017):

- Certificación de obra única polo importe de 55.996,84 €

Consta no expediente a Acta de Recepción, formalizada o día 25.09.2023.

A factura correspondente á certificación de obra única, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/2615, de data 19.09.2023, nº de factura A208-23-0001, correspondente á certificación única da obra “Aglomerado de vial desde O Barral ata a AC-566” por importe de 55.996,84 €.



Con data 15.12.2023 a empresa adxudicataria LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. presenta a seguinte documentación complementaria:

- reportaxe fotográfica da obra
- plan de residuos
- documentación xustificativa do control de calidade realizado na obra

Con data 19.12.2023 emitíuse un informe favorable con observacións pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, constituíndo certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a certificación única da obra “Aglomerado de vial desde O Barral ata a AC-566” polo importe de 55.996,84 € e a correspondente factura do mesmo importe.

2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.

3.- Notificar este acordo a LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., con CIF A70124201, empresa adxudicataria, e á directora da obra.

4.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **12. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO. POS+2022**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.12.2023, que literalmente di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO. POS+2022**

**Expte. 2022/C003/000005**

A obra denominada “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” foi adxudicada a D. Rubén José Noya Mallo, con NIF \_\_\_\_\_ mediante a Resolución de alcaldía núm. 93 de data 02.03.2023.

D. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ en representación de ÁTOMO ESTUDIO TÉCNICO, S.L., empresa encargada da dirección desta obra, presentou a seguinte documentación:

- Certificación de obra núm. 3 por importe de 29.469,64 € (R.E. 2023/999/2543 de 11.12.2023)



A factura correspondente á certificación de obra núm. 3, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con núm. de rexistro de facturas F/2023/3381, de data 05.12.2023, núm. de factura Emit-5, correspondente á certificación núm. 3 da obra “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” por importe de 29.469,64 €.

Con data 20.12.2023 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 3 da obra “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” polo importe de 29.469,64 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **13. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 10 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.12.2023, que literalmente di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

### **ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 10 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021**

**Expte. 2021/C003/000001**

D. \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, en representación da empresa MERAKI CR S.L., con C.I.F. núm. B06909501, adxudicataria das obras “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras”, presentou a seguinte documentación con data 01.12.2023 (R.E. 2023/999/2506):

- - Certificación núm. 10 polo importe de 18.064,59 €





A factura correspondente á certificación de obra núm. 10, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/3339, de data 01.12.2023, nº de factura 3339, de data 01.12.2023, nº de factura 2023\_A11\_12, correspondente á certificación núm. 10 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” por importe de 18.064,59 €.

Con data 19.12.2023 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 10 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” polo importe de 18.064,59 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**14. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, Cerdido, MOECHE, SAN SADURNIÑO, VALDOVIÑO E CEDEIRA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA. EXPEDIENTE: 2023/A006/000022**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.12.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, Cerdido, MOECHE, SAN SADURNIÑO, VALDOVIÑO E CEDEIRA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA. EXPEDIENTE: 2023/A006/000022**

Visto o borrador do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, Cerdido, MOECHE, SAN SADURNIÑO, VALDOVIÑO E CEDEIRA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA que ten por obxecto regular a xestión



conxunta do Centro de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla, sito no Recinto Ferial San Ramón s/n (antiga nave dos queixos) de Moeche.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 20 de decembro de 2023 e o informe de Intervención da mesma data.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no decreto nº 345/2023 de 10 de xullo.

Considerando o interese deste Concello da sinatura dito convenio, co seguinte texto:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ----- PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA**

REUNIDOS

Dunha parte, o alcalde do Concello de Fene, -----, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cerdido, -----, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, a Alcaldesa do Concello de Moeche, -----, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de San Sadurniño, -----, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Valdoviño, -----, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cedeira, -----, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste Convenio para a xestión compartida do centro comarcal de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla.

EXPOÑEN

-O Concello de Moeche é propietario dunha nave sita no Recinto Ferial San Ramón s/n (antiga nave dos queixos), segundo consta *no certificado do inventario municipal deste Concello*.

-Os Concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño veñen despregando dende o ano 2018 a xestión compartida de dito centro mediante a asunción por partes iguais dos gastos de mantemento do mesmo e o desenvolvemento de actividades de formación e axuda á transformación de produtos agrícolas a pequenos produtores, dentro dunha estratexia de promoción agroalimentaria e desenvolvemento rural, así como xestionando subvencións para a dotación do citado centro e a ampliación dos seus servizos, sendo intención destes catro Concellos (promotores) a formalización dun sistema de colaboración e regulación desta actuación conxunta, abrindo a posibilidade de participar na citada estratexia a outros Concellos interesados, ben dende o inicio mediante a sinatura do presente Convenio, ben mediante a adhesión futura ao mesmo.

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.



-O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade de que as administracións públicas asinen convenios interadministrativos para un fin común e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

- O artigo 60 da Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas habilita a posibilidade de que as entidades locais galegas poidan formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desenvolvemento conxunto de tarefas públicas da súa competencia, facendo aportación de organización, medios persoais, materiais ou recursos financeiros.

-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece que as entidades do sector público poderán cooperar entre si mediante convenios nos que acorden a realización conxunta de contratacións específicas.

-Os Concellos intervincentes fundamentan o presente Convenio dentro da competencia de participación na formación de activos e desempregados (artigo 80.2.p) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia), o fomento das estruturas agrarias e a prestación de servizos de interese público agrario (artigo 86.1.h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia) e as competencias do artigo 25.2.j) da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local (protección da salubridade pública).

Por todo o sinalado, coa finalidade de manter o funcionamento e desenvolver as citadas competencias en referencia ao Centro Comarcal de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla, o/as alcaldes/a asinantes suscriben este convenio en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.-Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular a xestión conxunta do Centro de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla, sito no Recinto Ferial San Ramón s/n (antiga nave dos queixos) de Moeche.

### Segunda.-Forma de xestión

O servizo do Centro de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla prestarase mediante calquera dos sistemas de xestión, directa ou indirecta, previstos na normativa local.

A xestión indirecta conlevará necesariamente un expediente de contratación e licitación pública.

### Terceira.-Entidade contratante e representante

Todo procedemento de contratación, tramitación de subvención e/ou calquera outro procedemento administrativo será administrado polo Concello de Moeche en nome e por conta dos Concellos convenidados, entidades que terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.

As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Moeche, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.

A solicitude de calquera subvención ou axuda, así como a realización de investimentos que implique unha aportación extraordinaria de fondos propios dos Concellos participantes deberá ser aprobada pola Comisión de Seguemento. No seu cumprimento, polos Concellos emitirase unha certificación de retención de crédito ou compromiso de aportación con cargo a orzamentos futuros a efecto da tramitación da correspondente subvención ou investimento.

### Cuarta.- Regulamento

O Concello de Moeche aprobará un regulamento de uso do Centro Comarcal. A Ordenanza Fiscal é a aprobada polo Concello de Moeche e publicada no BOP da Coruña número 89 do 11.05.2023 (modificada BOP 179 de 19.09.2023)

A aprobación do regulamento ou calquera modificación substancial do Regulamento ou ordenanza fiscal que poida afectar ao acordado neste convenio deberá ser obxecto de audiencia previa aos Concellos asinantes e sometido á Comisión de Seguemento.

### Quinta.-Obrigas económicas

5.1.-Os Concellos asinantes comprométese a financiar o custe do servizo en partes iguais, descontada a financiación obtida por medio das taxas reguladas na Ordenanza Fiscal antes indicada e as aportacións vía subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que se obteñan. A aportación de cada Concello virá dada por:

Custe de mantemento anual – ingresos por taxas de utilización – subvencións/número de Concellos participantes

5.2.-A liquidación ordinaria anual deberá ser notificada polo Concello de Moeche aos Concellos asinantes, coa finalidade de que estes sexan coñecedores do importe definitivo da financiación que lles corresponde, dentro dos primeiros dous meses de cada ano natural, referido aos custos do exercicio anterior.



O ingreso da contía deberá facerse efectiva polos Concellos participantes antes da finalización do primeiro trimestre natural do ano en que se reciba a liquidación.

5.3.- As aportacións extraordinarias derivadas das situacións indicadas na cláusula Terceira *in fine* serán liquidadas polo Concello de Moeche aos restantes Concellos no momento de adxudicación do contrato correspondente (obras, suministro...), debendo facerse efectivas dentro do mes seguinte á recepción da notificación para poder asegurar ao Concello de Moeche a liquidez que lle permita o cumprimento dos prazos da Lei 3/2004, de Morosidade.

#### **Sexta.-Incumprimento de obrigas.**

6.1.-O incumprimento por calquera Concello de transferir ao Concello de Moeche as cotas dentro dos prazos estipulados suporá a obriga automática de transferir ao Concello de Moeche os xuros de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irroque ao Concello de Moeche por mor do dito incumprimento.

6.2.-O retraso por mais de dous meses nas transferencias pactadas suporá a rescisión automática deste convenio para o Concello incumpridor, estando obrigado a aportar aos concellos que se manteñan no convenio o importe da aportación correspondente á débeda existente e ao ano en curso.

O Concello de Moeche notificará este feito ao resto dos concellos asinantes.

6.3.-No caso de que as liquidacións ás que se refire á anterior cláusula non sexan transferidas ao Concello de Moeche nos prazos estipulados, o resto de Concellos asinantes virán obrigados a aportar a partes iguais a cota deixada de pagar, sen prexuízo de que unha vez recadado o importe adebedado poida compensarse a contía aboada coa liquidación ordinaria seguinte.

#### **Sétima.-Comisión de seguemento.**

Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguemento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas dos Concellos asinantes, ou concelleiros/as en que deleguen, asistidos, no seu caso, do/as respectivoa/as funcionario/as de habilitación nacional dos respectivos Concellos.

As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- Avaliación dos resultados de execución do convenio
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio
- Resolución de problemas de execución do convenio
- Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que poidan rexer a contratación do servizo, así como as modificacións contractuais que supoñan elevación do custe económico
- Estudo da proposta de regulamento e modificación de regulamento e/ou ordenanza fiscal
- Avaliación das solicitudes de adhesión doutros Concellos

#### **Oitava.-Duración e entrada en vigor.**

8.1.-Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirse coa desaparición do seu obxecto. O prazo de vixencia será de 4 anos, ampliables por unha única prórroga de 4 anos máis.

8.2.-Durante a súa vixencia, o convenio vinculará financeiramente aos Concellos asinantes, que virán obrigados a transferir as cotas ás que se vexan obrigados mentres o servizo sexa prestado e orixine gastos fronte a un acreedor, con independencia da relación contractual que manteña co Concello de Moeche.

#### **Novena.- Réxime de adhesión e separación**

9.1. Poderán adherirse ao presente Convenio os Concellos interesados mediante solicitude dirixida ao Concello de Moeche, que remitirá a mesma á Comisión de Seguemento para o seu estudo. Admitida pola Comisión de Seguemento a solicitude, todos os Concellos participantes asinarán a adenda pola que se incluírá ao Concello interesado.

A adhesión de calquera Concello terá efectos o día 1 de xaneiro do ano natural seguinte ao da sinatura da adenda, entrando en igualdade de obrigas económicas que os restantes asinantes, incluídas as aportacións correspondentes a aportacións extraordinarias que foran acordadas con anterioridade con carácter plurianual.

9.2. No caso de que calquera dos Concellos asinantes non propietarios das instalacións decidan que non se queren manter adheridos ao convenio, deberán comunicalo antes do 30 de novembro ao Concello de Moeche, causando efectos no exercicio seguinte a dita comunicación, e mantendo as obrigas correspondentes ao ano de formalización da separación.



**Disposición adicional primeira.**-Coa sinatura deste convenio, queda derogado para os Concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdovino o “Convenio de colaboración interadministrativa para o apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento local” de data 29.11.2018 e as súas posteriores modificacións.

ANEXO – EVOLUCIÓN E PREVISIÓN ECONÓMICA

As liquidacións dos últimos tres anos arroxaron o seguinte importe a repartir entre os Concellos participantes (cláusula quinta):

- Exercicios 2020 e 2021 (liquidados conxuntamente): 25.648,84€
- Exercicio 2022: 12.382,00€”

Por todo o anterior, **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a sinatura do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CERDIDO, MOECHE, SAN SADURNIÑO, VALDOVIÑO E CEDEIRA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA, arriba transcrito.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

**TERCEIRO.-** Dar traslado a do presente acordo aos concellos de Fene, Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdovino.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita

**15. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 01.09.2023, P.A. 145/2022 DE OCASO SA COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000015)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.12.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 01.09.2023, P.A. 145/2022 DE OCASO SA COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000015)**

Visto que con data 15.09.2023 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 01.09.2023 (rex de entrada nº 202300000002984, de data 11.09.2023), en relación co procedemento abreviado P.A. 145/2022 de Ocaso SA Compañía de Seguros e Reaseguros contra o Concello de Cedeira.

Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 14.12.2023 (rex de entrada nº 202300000004082, de data 19.12.2023) pola que se acorda declarar firme a sentenza ditada de data 01.09.2023.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



**Primeiro.-** Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

## 16. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 13:58 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE ACCTAL  
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE  
(Resolución de Alcaldía nº 647/2023 de 22 de decembro-  
Delegación da Presidencia da Xunta de Goberno Local)

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ